

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL

CAPITULO I: DA FEDERACIÓN EN XERAL

Artigo 1º .- Procédese a adapta-los estatutos da Federación de asociacións sen ánimo de lucro denominada “**FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA**“, con CIF G-36231561 e inscrita co número F. 1746 do Ministerio do Interior.

A Federación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Pola presente tamén se procede a modificar o nome da Asociación que pasará a denominarse **FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL** en adiante “FGCMF” ou “a Federación” .

Artigo 2º.- Son fins principais da FGCMF:

- Defensa, Conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia así como das súas Costas e Ribeiras.
- Fomento do uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a dinamización do mesmo.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a FGCMF organiza-las seguintes actividades:

- Coordinar e asesorar as actividades de inventariado, investigación, conservación e restauración levadas a cabo polas asociacións federadas.
- Facilita-las xestión das asociacións federadas perante á Administración.
- Servir de enlace entre as asociacións federadas.
- Actividades de animación cultural e de práctica deportiva.
- Difundir a cultura marítima e fluvial entre a xuventude e o fomento da súa participación.

- As encamiñadas a Defensa contra a lexislación abusiva.
- Como Federación sen ánimo de lucro destinaranse ós devanditos fins o CEN por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación patrimonial.

Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da FGCMF radicará na localidade de **Cambados, Casa da Cultura s/n..** Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do rexistro de Asociacións.

Artigo 5º.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, en funcións dos seus fins e da localización do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e noutros puntos concretos que polas súas afinidades coa cultura marítima galega ou outras circunstancias, conveña facelo.

Artigo 6º.-

1. A duración da FGCMF terá carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos pola vontade das asociacións federadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A FGCMF rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico

CAPITULO II: DOS SOCIOS

Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial as asociacións reguladas pola aplicación da Lei 1/2002 e que contemplan entre as súas actividades calquera dos aspectos definidos no Artigo 3º. Unha vez constituída a FGCMF polas asociacións fundadoras, poderán solicita-la súa admisión todas aquelas Asociacións que cumpran os devanditos requisitos e sexan avaliadas cando menos por unha Asociación xa integrada.

Artigo 8º.- Dentro da FGCMF poderán existir as seguintes clases de asociados:

1. Socios **Fundadores**, reservado única e exclusivamente a aquelas asociacións que subscribiron a Acta Fundacional.
2. Socios **Numerarios**, aquelas asociacións que asumindo a finalidade da Federación, ingresaran con posterioridade á subscrición da Acta Fundacional.

Os socios **Fundadores e Numerarios** desfrutarán dos mesmos dereitos e obrigas.

Artigo 9º.- As Asociacións membros teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas asembleas con voz e voto, por medio dos seus representantes.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a FGCMF en cumprimento dos seus fins.
4. Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a federación poida obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da FGCMF.
8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Federación.
9. Que se poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da FGCMF tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º.- Son obrigas das asociacións federadas:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos os seus representantes.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisfacer as cotas que se establezan.
5. Respetar, coidar e defende-lo patrimonio material da FGCMF.
6. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e contido dos Estatutos.

Artigo 11º.- Poderanse recoñecer dentro da FGCMF. outras figuras de participación que non terán carácter de asociado:

- **Colaboradores**, aquelas **institucións e asociacións** que compartindo fins comúns cos asociados da Federación e participando de actividades da mesma **non poidan ser considerados socios numerarios**. Poderán participar na Asemblea na súa condición de colaboradores, con dereito a voz. A súa admisión como “**colaborador**” deberá ser acordada en Asemblea Xeral Extraordinaria e coa avaliación dunha asociación membro.
- **Observadores**. Serán: **Institucións, Asociacións, e Persoas** que compartan os fins da FGCMF, de cara a manter relacións de colaboración para acadar os fins propostos. Poderán participar nas Asembleas Xerais, previa solicitude, en calidade de observadores con voz pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de novas Asociacións tomaraos a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva debendo ser avaliada a lo menos por unha asociación membro da FGCMF.

Artigo 13º.- A condición de membro federado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Federación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- Colaboradores e Observadores.

- Perderase a consideración de Colaborador, por decisión da Asemblea Xeral, polo incumprimento das condicións que a acreditaron como Colaborador ou por calquera dos catro puntos citados no artigo 13.
- Perderase a condición de Observador, por decisión da Asemblea Xeral, atendendo a criterios puntuais. Ou por calquera causa que se considere pola mesma como xustificativa.

Artigo 15º.- A expulsión dunha Asociación será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia da Asociación afectada. O acordo de expulsión deberá ser

ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dunha Asociación, esta deberá realizar unha petición por escrito e procederá ó abonamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 16º.- As asociacións poderán pedir a separación temporal por escrito. A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dunha Asociación cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou compartimentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Federación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPITULO III: DOS ÓRGANOS DA FEDERACIÓN

Capitulo III. I. Da Xunta Directiva.

Artigo 17º.- A dirección e administración da Federación será exercida pola Xunta Directiva que deberá informar a través da convocatoria de Asembleas (Ordinarias ou Extraordinarias) a Asemblea Xeral da súa xestión para o seu coñecemento e aprobación si procede.

Artigo 18º.- A Presidenta ou Presidente da Federación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

De producirse a ausencia, pola/o Vicepresidenta/e ou a/o Secretaria/o, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta Directiva que teña mais idade.

A persoa que ocupe a Presidencia será designada pola Xunta Directiva e o seu mandato durará DOUS anos.

Artigo 19º.- A Xunta Directiva estará formada obrigatoriamente por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro. **E un número de vocais que determine a Asemblea Xeral ata un máximo de cinco.**

Poderá ademais optar a **Xunta Directiva** polo nomeamento de **un**

Vicepresidente-segundo que será elixido entre os vocais e comunicado os asociados, ben polo servizo de correos ou medios de telecomunicación o uso. Así mesmo debera ser exposto no taboleiro de anuncios da Federación

As baixas na Xunta Directiva deberán ser comunicadas a Asemblea Xeral para o seu coñecemento e proceder a elección os substitutos ou convocar un novo proceso electoral si se estimase oportuno.

O nomeamento da Xunta Directiva terá un período duración de dous (2) anos, aínda que poden ser obxecto de reelección, por períodos de dous anos, indefinidamente.

Artigo 20º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos xustificadas polo desenvolvemento da súa condición de representante da FGCMF.. Deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Artigo 21º.- Son funcións da Xunta Directiva:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da FGCMF.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Proceder a convocatoria así como fixa-las datas das Asembleas Xerais.
5. Xestionar o cobro das cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben pola Asemblea Xeral.
6. Designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da FGCMF.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea Xeral.

Artigo 22º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente 1º, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, na súa

ausencia, polo Vicepresidente 1º ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta Directiva que teña mais idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade mais un dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

O Secretario ou no seu defecto o Vicepresidente 1º levantará acta das sesións, que se transcribirán ó libro de actas. Na ausencia de ámbolos dous nomearase a tal efecto un secretario este os asistentes.

Artigo 23º.- Os/as membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes/as.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Capítulo III. II A Asemblea Xeral.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral das Asociacións federadas é o órgano de expresión da vontade da FGCMF, e estará formada por tódolos integrantes das mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva. Nas súas ausencias seguirase o mesmo método que para as ausencias da Xunta Directiva.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo dúas veces ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o unha décima parte das Asociacións federadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido o Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 26º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos tres primeiros (Contas) e tres últimos (Orzamento do ano seguinte e avance de contas do ano en curso) meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola Xunta Directiva.

A notificación tanto para as Asembleas Ordinarias como Extraordinarias, farase no domicilio das Asociacións. Comunicando o Orde do Día elaborado pola Xunta Directiva. Servirá como método de comunicación o servizo de correos ou se fora posible calquera outro medio ou medios de telecomunicación o uso. Así mesmo debera ser exposto no taboleiro de anuncios da Federación

Artigo 27º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ORDINARIA:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 28º.- Serán competencias da Asemblea Xeral EXTRAORDINARIA:

1. Modificar os Estatutos da Federación.
2. Aprobar a federación con outras similares.
3. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
4. Acordar a disolución da FGCMF.
5. Designar os liquidadores/as.
6. Ratificar a expulsión de Asociacións federadas a proposta da Xunta Directiva.
7. Solicitar a declaración de utilidade pública da FGCMF.
8. Aprobar o regulamento de réxime interno da FGCMF.
9. As que sendo competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a FGCMF.
10. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.
11. Elixir os integrantes da Xunta Directiva.

Artigo 29º.- Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polas asociacións asistentes, sempre que concorran a metade mais unha do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con

calquera número de asistentes.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple das asociacións representadas, agás os relativos ós apartados 1 ó 6 do artigo 28, que requirirán maioría dos dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignará o Presidente e o Secretario da Asemblea. A Acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 31º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódalas asociacións, incluso ás non asistentes.

As sesións abriranse cando o determine o Presidente. Procederáse por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a propor a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan unha decima parte das asociacións membros da FGCMF, a facer a quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do Presidente.

Artigo 32º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da FGCMF poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Capítulo III. III. Funcións do membros da Xunta Directiva.

Artigo 33º.- A/O Presidenta/o da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 18º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

- b) Propoñer o plan de actividades da FGCMF á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- d) Representar a FGCMF perante calquera organismo público ou privado.
- e) Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da FGCMF xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que ademais, substituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 34º.- O/A Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e libro de rexistro das asociacións federadas e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e praxe da presidencia.

O Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da FGCMF nun libro establecido ó efecto.

Artigo 35º.- O/A Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á FGCMF, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida Presidencia, dirixirá a contabilidade da FGCMF, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico.

O Tesoureiro ten a obriga de procede-lo feche do exercicio anual a fecha 31 de decembro e rematalo antes do 28 de febreiro do ano seguinte, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da FGCMF nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 36º.- Os/As Vocais, no número que se determine pola Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPITULO IV: O SISTEMA ELECTORAL.

Artigo 37º.- Asemblea Xeral determinará o prazo de presentación de candidatos a Xunta Directiva, na primeira Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio en que remate o período de mandato da Xunta Directiva vixente. O prazo de presentación de candidaturas deberá rematar dous meses antes do remate das funcións da Xunta Directiva vixente.

Do mesmo xeito poderá acordar a creación dunha Comisión Electoral. De non ser creada dita comisión, a Xunta Directiva vixente asumirá as súas funcións.

Artigo 38.- Formarán a Comisión Electoral:

- Un membro de cada unha das zoas xeográficas seguintes:
 1. Dende Touriñán a Mariña Lucense.
 2. Resto a Costa da Morte ata a Ría de Arousa.
 3. Dende a Ría de Pontevedra ata A Garda.
- Un representante das asociacións fluviais.
- Dúas (2) persoas designadas pola Comisión de Asesoramento reunida a tal efecto. Ditas persoas deberán ser membros se Asociacións da FGCMF ou entidades Colaboradoras.

De producírense algunha vacante ou imposibilidade para a designación de algún dos integrantes anteriormente descritos será a Comisión de Asesoramento a que asuma esa designación entre tódolos membros da FGCMF.. Si esta situación fora irresoluble no prazo dun mes será a Xunta Directiva a encargada de designar as vacantes.

Entre eles nomearan un presidente e un secretario para exercelas funcións de representación. Si está función recaera na Xunta Directiva os seus Presidente e Secretario/a serán os da Comisión Electoral, e regulándose polas normas de representación establecidos para a propia Xunta Directiva.

Os acordos da Comisión Electoral, deberán ser transcritos a un libro de actas. No caso que esta función a desenvolvese a Xunta Directiva , transcribíranse no libro da mesma.

Artigo 39º.- Revisadas as candidaturas, pola Comisión Electoral, farase publico no prazo dunha semana (7 días) no taboleiro de anuncios da FGCMF. as

candidaturas admitidas. De rexeitarse algunha delas disporá do prazo de sete (7) días para presentar alegacións, que serán resoltas pola propia Comisión Electoral.

Artigo 40º.- Feitas públicas as candidaturas aprobadas, procederase a elección mediante votación convocada pola Comisión Electoral.

Artigo 41º.- De non presentarse ningunha candidatura. O feito porase en coñecemento da Asemblea Xeral para que proceda de acordo a:

1. Propoñer a continuidade da Xunta Directiva cesante.
2. Creación dunha Xunta Directiva de consenso. Esta poderá formarse no transcurso da propia Asemblea a proposta dos presentes. E deberá ser ratificada polo voto de aceptación das $\frac{3}{4}$ partes dos asistentes con dereito a voto.
3. Nomeamento dunha Xunta Xestora que terá a obriga de velar polo correcto funcionamento da entidade e a promoción de candidaturas nun prazo de seis meses. Onde se convocará de novo a Asemblea Xeral para expoñer a situación e proceder a elección dunha nova Xunta Directiva ou proceder o nomeamento de liquidadores para proceder a disolución da FGCMF.
4. De darse o caso de presentación de candidaturas polo método descrito no punto 3. a Xunta Xestora informará oportunamente das mesmas cunha antelación mínima de quince días (15) a celebración da xornada electoral.
5. De nos existir candidaturas presentadas, acúdese ao punto 2 e de persistir a ausencia de candidatos, procederase a disolución da Federación.

Artigo 42.- Poderán formar parte da Xunta Directiva:

1. Os representantes debidamente nomeados polas Asociacións membros.
2. No caso dunha Xunta Directiva elaborada por consenso, poderán formar parte da mesma, calquera das persoas que pertencendo a unha asociación membro ou dunha colaboradora, dispoñan da aprobación da súa entidade para pertencer a mesma e desempeña-las funcións que se lle asinen dentro da Xunta Directiva.

Artigo 43.- Será competencia da Xunta Directiva ou Comisión Xestora a elaboración da xornada electoral ou mesmo da creación dunha Xunta Electoral que vele polo normal desenvolvemento do proceso.

Artigo 44.- As Asociacións poderán solicitar a creación dunha Comisión Electoral, cando polo menos o soliciten un mínimo de 5 asociacións ou un 10 % das asociacións membros da FGCMF.

Artigo 45.- Nomeamento e comunicación dos cargos da Xunta Directiva.

Designados e aprobados os membros que formaran parte da Xunta Directiva, procederase a designación dos cargos que se realizará por decisión interna entre os elixidos.

Ditos nomeamentos deberán ser informados no taboleiro de anuncios da FGCMF. e comunicados por correo electrónico, convencional ou calquera outro medio de comunicación escrito as asociacións membros e colaboradores para o seu coñecemento.

CAPITULO V: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 46º.- A FGCMF no momento do inicio das súas actividades non dispón de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 47º.- A FGCMF funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro, que deberá telo preparado antes do quince decembro do ano anterior o do orzamento, a fin de que poida ser aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 48º.- A FGCMF manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas das asociacións federadas.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns e subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da FGCMF.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades

non lucrativas.

Artigo 49º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atende-las necesidades da FGCMF.

Artigo 50º.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano (31 de decembro), elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das asociacións federadas e colaboradoras, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria que non deberá ser mais tarde do 31 de marzo do ano seguinte, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 51º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 47 será aprobado o **orçamento** da FGCMF. pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 52º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a FGCMF teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente do/a Presidente e Tesoureira ou Tesoureiro, para súa utilización mancomunada. A tal efecto poderá nomearse a un terceiro membro da Xunta Directiva para que igualmente de xeito mancomunado con calquera dos anteriores mencionados dispoña dos fondos.

En ausencia dos anteriores poderá puntualmente a Xunta Directiva designar representantes nun mínimo de dous e que deberán actuar mancomunadamente.

Artigo 53º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as asociacións federadas os recursos obtidos pola FGCMF.

Artigo 54º.- Contratación de Persoal.

- **Contratación de persoal.** Será aprobada pola Asemblea Xeral quedando a criterio da Xunta Directiva a súa selección aplicando os criterios establecidos na Asemblea Xeral. A remuneración será de acordo coa lexislación vixente en materia socio laboral de acordo co traballo realizado.
- A **contratación de servizos externos para a administración** da Federación, deberá así mesmo ser aprobada en Asemblea Xeral.

CAPITULO VI: DO REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO

Artigo 54º.- O regulamento do réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da FGCMF estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VII : MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA FGCMF

Artigo 55º.- Os presentes Estatutos poderán ser **modificados** a proposta da Xunta Directiva ou un dúas decimas partes (2/10) das asociacións federadas. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un **prazo de sete (7) días para que calquera asociación federada, poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estimen oportunas**. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán **entregadas cunha antelación mínima de tres (3) días á realización da mesma**.

Artigo 56º.- Para ser **aprobada a reforma** dos Estatutos será preciso o voto favorable dos **dous terzos (2/3)** dos membros da Asemblea Xeral.

Artigo 57º.- A FGCMF disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade das asociacións federadas acordada polas dúas terceiras (2/3) partes das mesmas. Ou derivadas do **artigo 41** destes Estatutos.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 58º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará

tres asociacións ou os seus representantes liquidadores, que xunto coa Presidenta ou Presidente e a Tesoureira ou Tesoureiro procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 59º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación doarase a outra Federación ou asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia que teña os mesmos ou similares fins ós da FGCMF.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Eugenio Allo García con DNI 35435054N, na súa calidade de secretario da Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial fai constar que os ditos estatutos modificados e aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 04 de febreiro do 2006 sono para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

En Cambados a catro de febreiro de dous mil seis

V^o e praxe

Fernando Piñeiro Oubiña
Presidente